

O MEU BISAVÓ E "A MONA ROSITA"



O meu bisavó, Eduardo Quintas Garrido, naceu o 22/09/1931, e traballou no CIRCO, dándolle de comer aos animais e viaxaba por toda España nun circo ambulante acompañado da "Mona Rosita". Esta realizaba un número circense, pero non lle facía caso a ninguén, xa que era moi noviña, e non tiña moita gaña de facer o espectáculo.

Así que o director do circo decidiu regalarlla ao bisavó, que a trouxo con moita alegría e cariño para a súa casa en Barbadás.

Nesta foto o bisavó, que está acompañado de Rosita, tería uns 20 anos, era alá polos anos 50, e posaban despois dun espectáculo circense.

Cando estaban na casa en Barbadás, a mona vivía nunha adega, casa na que hoxe en día reside a miña avoa Ángeles (filla do meu bisavó).

A mona que era moi travesa, nunha das viaxes en tren para actuar no circo, escapóuselle ao bisavó e nunca máis se soubo dela, ocasionándolle un gran desgusto.

Noa Junco Deza, 5ºEP

C.E.I.P PLURILINGÜE "O RUXIDOIRO"

#ImaxesdoPatrimonio!